

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0441	Técnica contable	2023/2024	5	133	159

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FRANCISCO MARTÍNEZ HIDALGO, ADRIÁN SANTANO VALLE (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Segundo o Decreto 191/2010, do 28 de outubro, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de Grao Medio correspondente ao título de Técnico en Xestión Administrativa, a formación do módulo de Técnica contable, que se imparte no primeiro curso, contén a formación necesaria para desempeñar a función de apoio na área contable da empresa. Esta función abrangue aspectos como: a especificación dos elementos patrimoniais, a caracterización da metodoloxía contable, a codificación dos elementos patrimoniais en contas segundo o Plan Xeral Contable (PXC), o rexistro de feitos económicos básicos, o uso de aplicacións informáticas específicas, ou a actualización do plan contable na aplicación informática e de copias de seguridade. As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na área contable de pequenas e medianas empresas de calquera sector de actividade.

Esta programación elabórase co obxectivo central de que o alumnado aprenda e aplique neste módulo os coñecementos, os procedementos e as aptitudes necesarias para realizar a función contable de conformidade co exposto nas liñas anteriores, así como unha serie de competencias persoais e sociais relacionadas co traballo en equipo, con autonomía e a iniciativa na toma de decisións sobre as que se asenta a súa intervención no marco profesional e de traballo na realización socioeconómica do seu entorno.

As prácticas empresariais obrigatorias que realiza o alumnado no último trimestre do segundo curso correspondentes ao módulo de "Formación en centros de traballo" (FCT), realízanse nas empresas da zona coas que colabora o centro educativo IES Macías O Namorado.

Con referencia á realidade socioeconómica do instituto, indicar que o tecido económico de Padrón componse, fundamentalmente, de industrias manufactureras concentradas no Polígono Industrial Pitusa (Lugar da Matanza, Padrón). No sector primario, a zona destaca pola produción de pementos con denominación de orixe protexida. No sector de servizos, desenvolven a súa actividade numerosas empresas de asesoramento, seguros, bancarias, entre outras.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Empresa e actividade empresarial	A empresa e a súa actividade económica así como a súa incidencia na economía do país. Analízanse os diferentes tipos de empresas, formas xurídicas e principais elementos das mesmas relacionados coa actividade económica.	5	7
2	Patrimonio empresarial e contabilidade	Identificación dos elementos patrimoniais da empresa e a súa clasificación en masas patrimoniais para proceder ao estudo dos equilibrios patrimoniais. Estudo e análise do patrimonio por medio da contabilidade.	24	11
3	A metodoloxía contable	Operacións mercantís dende a perspectiva contable, identificando aos feitos contables e o seu rexistro por medio da teoría das contas e o método da partida dobre. Desenvolvemento do ciclo contable e o seu rexistro nos libros contables.	55	35
4	O PXC de PEMES	A normalización contable por medio do PXC de PEMES: a súa estrutura e sistema de codificación e identificación dos elementos patrimoniais.	5	3
5	Contabilización dos feitos económicos básicos da empresa.	Contabilidade das operacións da actividade empresarial nos libros contables aplicando a metodoloxía contable e as normas do PXC de PEMES xunto coa informatización da mesma.	70	44

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Empresa e actividade empresarial	5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícaos en masas patrimoniais.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.3 Distingúronse os tipos de empresas baseándose nos criterios de clasificación habituais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Actividade empresarial: Actividade económica. Empresa: concepto e tipos. Ciclo económico da empresa

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Patrimonio empresarial e contabilidade	24

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícao en masas patrimoniais.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento, e ingreso e cobramento.
CA1.4 Defíníronse os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial.
CA1.5 Identificáronse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo exixible e o patrimonio neto.
CA1.6 Relacionouse cada masa patrimonial coas fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.7 Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais.

4.2.e) Contidos

Contidos
Patrimonio empresarial e contabilidade: Elementos patrimoniais. Masas patrimoniais.
Activo, pasivo e patrimonio neto dunha empresa.
Equilibrio patrimonial.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A metodoloxía contable	55

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece a metodoloxía contable tendo en conta a terminoloxía e os instrumentos contables utilizados na empresa.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Distingúronse as fases do ciclo contable completo e adaptáronse á lexislación española.
CA2.2 Describiuse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e os feitos económicos da empresa, e identificouse a súa estrutura.
CA2.3 Descríronse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre.
CA2.4 Recoñecéronse os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais.
CA2.5 Recoñeceuse a importancia do balance de comprobación como instrumento básico para a identificación de erros e omisións nas anotacións das contas.
CA2.6 Diferenciáronse as contas de ingresos e de gastos.
CA2.7 Definiuse o concepto de resultado contable.
CA2.8 Descríronse as funcións dos asentamentos de pechamento e apertura.
CA2.9 Estableceuse a función do balance de situación, das contas de perdas e ganancias, e da memoria.

4.3.e) Contidos

Contidos
Operacións mercantís desde a perspectiva contable.
Teoría das contas: concepto, estrutura e tipos de contas.
Método por partida dobre.

Contidos
Libros contables.
Desenvolvemento do ciclo contable.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O PXC de PEMES	5

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica o contido básico do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas (PXC-PEME) e interpreta a súa estrutura.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse a normativa mercantil co plan xeral de contabilidade (PXC).
CA3.2 Recoñeceuse o PXC como instrumento de harmonización contable.
CA3.3 Identifícaronse as partes do PXC-PEME.
CA3.4 Diferenciáronse as partes obrigatorias e non obrigatorias do PXC-PEME.
CA3.5 Identifícaronse os principios contables establecidos no marco conceptual do plan.
CA3.6 Describiuse o sistema de codificación establecido no PXC-PEME e a súa función na asociación e na desagregación da información contable.
CA3.7 Codificouse un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC-PEME.
CA3.8 Identifícaronse as contas anuais que establece o PXC-PEME.

Criterios de avaliación

CA3.9 Identifícaronse as contas que corresponden aos elementos patrimoniais.

4.4.e) Contidos
Contidos

Normalización contable: o plan xeral de contabilidade.

Marco conceptual do PXC: principios contables.

Normas de rexistro e valoración.

Contas anuais.

Cadro de contas.

Definicións e relacións contables.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Contabilización dos feitos económicos básicos da empresa.	70

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME.	SI
RA5 - Realiza operacións de contabilización mediante aplicacións informáticas específicas, e valora a súa eficiencia na xestión do plan de contas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas.
CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME.
CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME.
CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables.
CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico.
CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.
CA5.1 Realizáronse as altas e as baixas de contas e subcontas codificadas que procedan da documentación soporte, seguindo os procedementos establecidos.
CA5.2 Propuxéronse altas e baixas de códigos e conceptos en asentamentos predefinidos, seguindo os procedementos establecidos.
CA5.3 Introducíronse conceptos codificados na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.
CA5.4 Executáronse as baixas dos conceptos codificados coa autorización correspondente.
CA5.5 Introducíronse os asentamentos predefinidos na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.
CA5.6 Introduciuse no asentamento a información correspondente a cada campo, de acordo coa natureza económica da operación.
CA5.7 Arranxáronse os imprevistos que poidan xurdir durante o uso da aplicación, recorrendo á axuda do programa, á axuda en liña ou ao servizo de atención á clientela da empresa creadora do software.
CA5.8 Realizouse copia de seguridade das contas, dos saldos e dos seus movementos respectivos, así como da colección de apuntamentos predefinidos.
CA5.9 Seguiuse o plan de acción para a custodia no lugar e no soporte axeitados, así como a xestión administrativa da copia de seguridade, nun tempo axeitado e cos métodos apropiados.

4.5.e) Contidos

Contidos
Compra e venda de mercadorías.
Existencias de mercadorías.
Outros gastos e ingresos.
Inmobilizado material: amortización e baixa contable.
Fontes de financiamento.
Operacións de fin de exercicio. Pechamento contable.
Xestión das partidas contables nunha aplicación informática.
Operacións de mantemento básico de aplicacións
Asentamentos predefinidos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN deste módulo ten o carácter de continuo e presencial e, por este motivo, será obrigada a asistencia e a puntualidade do alumnado ás actividades de aula programadas. En caso contrario, despregaranse as consecuencias previstas pola normativa da matrícula e o dereito ó ensino, ademais dos efectos recollidos a seguir nesta programación no tocante á obtención da súa cualificación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En termos xerais, téñense como referencia os Resultados de Aprendizaxe a acadar polo alumnado referidos a este módulo, ademais dos Criterios de Avaliación establecidos no correspondente currículo.

A cualificación é un número enteiro entre un (1) e dez (10), sen decimais. Para a obtención deste número, cando a nota teña decimais, aplicarase un arredondamento de aproximación ó número enteiro. O módulo considérase superado positivamente unicamente cando a nota sexa igual ou superior a cinco (5,00).

A NOTA TRIMESTRAL DO MÓDULO será a resultante das seguintes ponderacións:

A) A media das PROBAS OBXECTIVAS (EXAMES) realizadas no trimestre pesará o 70%. Só se determinará a nota media se, en cada unha das probas realizadas no trimestre, a/o alumna/o obtén unha nota mínima de cinco (5,00). En caso contrario, non se considerará superada a avaliación trimestral e a/o alumna/o deberá recuperar a(s) unidade(s) didáctica(s) na(s) que obtivo unha nota inferior a cinco (5,00).

B) A media dos exercicios e as actividades constitutivas da CARPETA DO ALUMNADO durante o trimestre pesarán o 30%. Esta CARPETA está formada (i) pola resolución dos cuestionarios sobre conceptos e cuestións fundamentais na materia; (ii) os casos prácticos de contabilidade e xeración de documentos propios da actividade contable; (iii) os traballos de síntese e/ou de investigación propostos en cada unha das unidades didácticas, coa finalidade de coñecer e avaliar o grao de seguimento e asimilación dos contidos polo alumnado; e (iv) as prácticas do manexo suficiente e solvento da(s) aplicación(s) informática(s) proposta(s) pola persoa docente para a realización das actividades que así o precisen. Nestes elementos valorarase a calidade da súa exposición, a integración dos contidos coa materia; a aplicación correcta dos procedementos con que realizan as tarefas; así como a súa presentación formal de conformidade coas directrices do equipo docente; previa entrega no prazo sinalado. Só se determinará esta media se se presentan como mínimo, en tempo e forma, o 80% dos exercicios e as actividades propostas; e contarán unicamente os exercicios que obtivesen unha nota igual ou superior a cinco (5,00).

A NOTA TRIMESTRAL FINAL será a suma dos apartados A+B, sempre que se cumpran os termos recollidos nesta programación.

A NOTA FINAL DO CURSO será a resultante da media aritmética de, por unha banda e cun peso do 50%, a media aritmética das notas de todas as probas obxectivas superadas ó longo do curso e, por outra banda e cun peso do 50%, a nota resultante dun suposto de simulación práctica que para superar precisa obter un mínimo de cinco puntos (5,00). A este respecto, indicamos que a/o alumna/o que supere a proba práctica global do último trimestre terá aprobados e/ou recuperados os trimestres anteriores dado o carácter acumulativo do módulo dende unha perspectiva práctica contable.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN NO CASO DA EDUCACIÓN A DISTANCIA:

1º) A/O alumna/o debe realizar e remitirle á persoa docente (ben a través da Aula Virtual do centro ou ben a través do correo electrónico), no prazo sinalado, as actividades teórico-prácticas postas a súa disposición. No caso de non entregarse ou facelo fóra de prazo non serán cualificadas.

2º) A/O alumna/o deberá conectarse por videoconferencia con vídeo e son, mediante o programa Cisco Webex facilitado pola Consellería de Educación, ás clases que programe a persoa docente para o seguimento das explicacións dos contidos do módulo e das actividades propostas, resolvendo as dúbidas que a través destes medios lle formule a/o alumna/o.

3º) A/O alumna/o realizará todas as probas obxectivas teórico-prácticas, de xeito oral ou escrito, telemático ou presencial se é posible. A persoa docente informará á/o alumna/o da data, hora e medio para a súa realización e entrega.

4º) Os criterios de cualificación aplicables son os expostos con anterioridade para cada un dos trimestres e para a nota final do curso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O proceso de ensino-aprendizaxe será significativo, adquiríndose os coñecementos e conceptos novos a partir dos previamente adquiridos, e cualificarase mediante avaliación continua, de xeito que a persoa docente adapta o procedemento ás características e necesidades da/o alumna/o e esta/e asenta os novos coñecementos sobre adquiridos con anterioridade.

A persoa docente realizará probas de recuperación específicas ó longo do curso dos aspectos teóricos das unidades non superadas, sabendo que aquelas/es alumnas/os que superen as probas do último trimestre terán recuperado o(s) trimestre(s) anterior(es), dado o carácter acumulativo do módulo dende una perspectiva práctica contable.

A Carpeta do Alumnado será un instrumento básico para verificar en que medida se recupera(n) e acada(n) os resultados de aprendizaxe, por medio das correccións e actualizacións suxeridas pola persoa docente.

En todo caso, deseñárase unha proba específica de recuperación ó remate do módulo para aquelas/es alumnas/os que non acadaron os obxectivos no tempo ordinario. Esta proba contará cunha parte teórica e outra práctica, inspiradas ambas as dúas nos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos expresados nesta programación e presentes nos exercicios e as actividades desenvolvidas ó longo do curso. Para considerarse superada esta proba, o alumnado debe obter un mínimo de cinco puntos (5,00) en cada unha das partes, teórica e práctica, das que consta esa proba final de recuperación do curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Deseñárase unha proba obxectiva específica que contará dunha parte teórica e outra práctica, inspiradas ambas as dúas nos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos expresados nesta programación, que o alumnado deberá superar cunha nota igual ou superior a cinco puntos (5,00) en cada unha das partes das que consta esta proba final; só así se considera o módulo como superado.

A proba do parágrafo anterior tamén será de aplicación no caso do alumnado que curse o 2º curso do ciclo e teña pendente o módulo de Técnica Contable de primeiro curso. A data para a súa realización establecerase durante o primeiro trimestre do curso correspondente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente a persoa docente fará unha valoración sobre o grao de desenvolvemento e cumprimento da programación, así como do seguimento desta polo alumnado, xustificando razoadamente as posibles desviacións. Estes datos introduciranse de maneira sistemática na aplicación informática de seguimento da programación establecida a tal fin pola Consellería de Educación.

Respecto da metodoloxía didáctica empregada, específica do módulo, farase un proceso de avaliación continua.

O proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado faise coa finalidade de coñecer e avaliar o grao de comprensión e adquisición individual de coñecementos, así como poñer de manifesto as deficiencias ou erros na asimilación de conceptos e/ou procesos que a persoa docente deba ter en consideración no desenvolvemento das unidades seguintes.

O equipo docente reunirse periódicamente para realizar o seguimento da programación e a adecuación da práctica docente ó inicialmente programado.

No final do curso académico realizaráselle unha enquisa ó alumnado sobre a práctica docente de cara a mellorar na impartición da programación no curso seguinte. A persoa docente realizará unha valoración global sobre o seu desenvolvemento e sobre as opinións achegadas polo alumnado.

A programación será revisada ó inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e doutras circunstancias concorrentes.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A observación dos coñecementos, procedementos e destrezas do alumnado na realización das actividades nas primeiras semanas do curso é fundamental para coñecer e avaliar a situación de partida, individual e colectiva, tanto das/os alumnas/os como do grupo-clase, así como para propiciar a aprendizaxe significativa de todo o alumnado. Por iso, observaranse con detemento aspectos como:

- Actitude e motivación en relación ao traballo de clase e ao traballo persoal: visible a través de factores como a atención ante as explicacións, a realización de preguntas específicas e orientadas ós contidos, a participación xeral na clase ou o esforzo na realización de tarefas, así como no coidado do material.
- Asistencia
- Comportamento.
- Coñecementos e formación anterior.

Coñecida a situación de partida da/o alumna/o e vistas as súas dificultades, estableceremos as oportunas medidas de reforzo educativo de tipo curricular e a adaptación, de ser precisa, dos recursos e dos materiais.

As observacións realizadas contrastaranse coas realizadas por outros profesores e coa información do titor, xunto coas directrices do Departamento de Orientación de ser o caso.

Realizarase unha sesión específica de valoración do alumnado, polo equipo docente, a partir da sesión de avaliación inicial cada final de trimestre ata o final do curso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Os mínimos esixidos deste módulo son, basicamente, (a) a realización solvente do ciclo contable dunha pequena e mediana empresa; (b) a identificación dos distintos libros contables e a distinción do seu uso particular; e (c) a realización dun balance de situación dunha pequena e mediana empresa ó peche do seu exercicio económico.

Para posibilitar a consecución, por parte de todo o alumnado, destes mínimos esixidos reflectidos na programación propóñense as seguintes medidas:

- Atender personalmente na aula, priorizando o desenvolvemento de determinadas capacidades naquel alumnado que o requira.
- Buscar a comprensión dos aspectos esenciais de cada tema por parte de todo o grupo.
- Afondar no estudo detallado de casos concretos, dependendo das capacidades individuais de cada alumna/o.
- Seguimiento do traballo diario: valoración da evolución que presenta respecto á situación anterior.

A parte disto, e se foran necesarias, adoptaríanse medidas de reforzo específicas para o alumnado que non fose capaz de seguir o ritmo normal da clase, deseñándolles tarefas complementarias que serán supervisadas pola persoa docente.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

A educación en valores cívicos e persoais está presente en todas as sesións e nas unidades didácticas que compoñen o módulo coa finalidade de formar persoas e profesionais socialmente comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse as actividades que se programen dende o Departamento de Administración ó longo do curso, ademais de todas as actividades programadas polo IES Macías O Namorado de cara a promover e reforzar estes valores.

10. Outros apartados

10.1) Bibliografía e Webgrafía

O alumnado ten ó seu dispor numerosos libros de texto do módulo de "Técnica contable" publicados por editoriais diferentes (Mcmillan, McGraw Hill, Paraninfo, Editex, Akal, etcétera).

Para o seguimento coherente das explicacións, a persoa docente seguirá o libro de texto de "Técnica contable" editado por Macmillan Education en 2021, sen que isto sexa impedimento para que a/o alumna/o acoda a outros textos e/ou materiais en paralelo ós temas que se expliquen ou ás actividades que se desenvolvan na aula.

As autoridades tributarias estatais, autonómicas ou locais, teñen tamén materiais e páxinas web con moita información útil que serán de referencia e de consulta periódica.